



UNIVERSIDADE DE VIGO

## ACTA Nº 7 DO CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

**SESIÓN:** Ordinaria

**LUGAR:** Sala de Conferencias da Casa das Campás de Pontevedra.

**DATA:** 28 de abril de 2009

**HORA DE COMEZO:** 10:00 h.

**HORA DE REMATE:** 13:30 h.

### ASISTENTES:

Cancela Carral, José María; Gago Rodríguez, Alberto; García Soidán, José Luis; García Soidán, Mª del Pilar; Hernández Sánchez, Jesús; Liste Fernández, Araceli Mercedes; Martí Pellón, Daniel; Mollinedo Lois, Carlos; Ortiz Torres, Luis; Pardellas de Blas, Xulio.

### ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede da acta da sesión anterior.
2. Informe do Reitor.
3. Situación das infraestruturas do Campus.
4. Situación da xestión no Campus de Pontevedra.
5. Informe das actividades culturais e deportivas.
6. Aprobación, se procede, das propostas de cursos de extensión universitaria do Campus de Pontevedra.
7. Rogos e preguntas.

### ACORDOS

1. Aprobación da acta da sesión anterior.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do Reitor.

Escusan a súa ausencia as seguintes persoas: D. Manuel Gutiérrez, D. Marc Serra e D. Ignacio Barcia.

O Reitor informa da situación na que se atopa a Universidade de Vigo no proceso de converxencia ao EEES:

- Os 24 títulos enviados a ANECA están na fase de verificación. Queda pendente de determinar se haberá algunha titulación de grao na Escola Universitaria de Empresarias de Vigo, que dependerá dunha reunión co Consello Galego de Universidades, na que se presentarán informes de 4 centros sobre as propostas de transformación das dúas titulacións de Empresariais na Universidade da Coruña. Se nos informes se conclúe que hai coincidencia nas dúas propostas de titulacións só se implantaría unha delas na Universidade da Coruña e tamén nas outras Universidades. En caso contrario, proseguiríase o proceso de implantación de ámbalas dúas titulacións na Coruña e comezaríase a traballar na implantación en Vigo da que faltaría, seguindo o mesmo ritmo de traballo cas Enxeñaría.
- No Campus de Pontevedra, púxose en marcha no curso actual o título de grao na Facultade de Belas Artes en todos os cursos. A previsión para o vindeiro curso é que se implanten na súa totalidade os títulos de grao en Fisioterapia e grao en Dirección e Xestión Pública. As demás titulacións, agás a Enxeñaría Técnica Forestal, tamén se prevé que se implanten a partir de setembro de 2009, pero comezando co primeiro curso e avanzando de xeito gradual.

No curso 2010/2011 porase e marcha o título de grao da Escola de Enxeñaría Técnica Forestal e o proceso que se seguirá para a súa adaptación funcionará de acordo co calendario aprobado en Consello de Goberno para as titulacións que quedan por transformar, as Enxeñarias e a Licenciatura en Ciencias Físicas.

- O proceso de verificación no que se atopan as 24 titulacións da Universidade de Vigo funciona a un ritmo lento, polo volume de traballo co que se atopa a ANECA. A este respecto, recentemente tense asinado un convenio entre a ANECA e a ACSUG para a colaboración desta última na verificación dos títulos pendentes en Galicia. Este convenio tamén inclúe a verificación dos programas oficiais de posgrao. Enviáronse para a súa verificación 38 programas de doutoramento (26 propios, 4 interuniversitarios coordinados pola Universidade de Vigo e 8 interuniversitarios coordinados por outras Universidades). O Reitor tamén da conta do número de mestrados (de investigación e profesionalizantes) e da apostia da meirande parte deles pola mención de calidade.

O Reitor informa das seguintes contratacóns e nomeamentos na Universidade de Vigo:

- D. Alberto Baz pasa a ocuparse da Vicexerencia de Planificación e I+D.
- Dna. Beatriz Cuiña cesa como Vicexerenta do Campus de Ourense para pasar a ocupar o cargo de Secretaria Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia. No seu lugar nomease a D. Miguel Diéguez.
- D. Lorenzo Pastrana deixa a Dirección do CITI da Universidade de Vigo que pasa a ser ocupada por Florentino Fernández Riberola.
- Cesa D. Ángel Rodríguez no seu cargo da área de I+D que pasa a ser ocupado por Lorenzo Pastrana, modificándose o nome da área de I+D polo de área de Programas de Transferencia. Seguidamente, diversos membros do Consello de Campus interveñen para facer consultas ao Reitor sobre o seu informe:
  - D. Luis Ortiz pregunta sobre a posibilidade de que os alumnos soliciten cambios aos novos títulos de grao cando áinda non se teñan implantado na súa totalidade. O Reitor infórmalle que só se poderán solicitar cambios cando os novos títulos estean implantados e, polo tanto, cando as diferentes materias sexan impartidas e o Centro dispoña dun programa normalizado de equivalencias entre planos de estudio.
  - D. José Luis García Soidán traslada a pregunta anterior á Escola de Fisioterapia, indicándolle o Reitor que non se dará esa situación en Fisioterapia, xa que se implantará a titulación de grao na súa totalidade.
  - D. Carlos Mollinedo pregunta polas novas titulacións das que se fala na prensa para a súa implantación en Pontevedra. O Reitor comenta que estes temas non foron divulgados pola Universidade, senón pola Deputación de Pontevedra, aproveitando unha xuntanza mantida polos responsables de ambas institucións para falar de temas económicos que atinxen á titulación propia da Universidade en Deseño Textil e Moda.

### 3. Situación das infraestruturas do Campus.

O Vicerreitor D. Jesús Hernández informa ao Consello de Campus da asistencia da Vicexerente do Campus, Dna. Ángeles Hermida Paredes, da Directora de Área de Planificación e Coordinación do Campus de Pontevedra, Dna. Antonia Blanco Pesqueira, e da responsable do proxecto da Gardería do Campus, Dna. María José Fariña Bustos, para complementar a información que se facilite sobre as infraestruturas e xestión do Campus.

En primeiro lugar, o Vicerreitor fala dos proxectos que están en fase de execución na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (aulas e laboratorios) para os que se prevé a súa finalización en xuño deste ano. Ademais refírese á construcción dos vestuarios, proxecto que deberá estar rematado no último trimestre do ano 2009, e ao equipamento das aulas e laboratorios da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, que se sacará a concurso por bloques. Sobre o a Gardería do Campus, informa o Vicerreitor de que se finalizou a elaboración do proxecto, de que se solicitou a correspondente licenza ao Concello e que sairá a concurso en breve.

Seguidamente, Dna. María José Fariña fai unha presentación do proxecto da Gardería do Campus. Estará localizada no Campus da Xunqueira, nas proximidades da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, e está pensada para nenos de 0 ata 3 anos. Contará con 4 unidades ou aulas coa seguinte distribución: un aula para nenos de 0-1 anos, un aula para nenos de 1-2 anos e dúas aulas para nenos de 2-3 anos (pola maior demanda prevista neste grupo). Disporá a Gardería dunha sala de servizos múltiples (comedor, zona de reunión de pais/nais, etc.), un área administrativa (Dirección e sala de profesores) e un área de servizos (cociña, lavandería, recollida de lixo e outros servizos). Para a selección de materiais que se utilizarán para este edificio primaron aspectos como a seguridade dos nenos e o aforro enerxético.

A continuación, o Vicerreitor proseguiu coa exposición da situación das infraestruturas do Campus. Fai referencia ao estado do proxecto da futura Facultade das Artes, da construcción de



vivendas/residencia para estudantes e da urbanización do campus. Despois de máis de 20 reunións mantidas co Concello, celebradas á petición da Universidade, para valorar a situación do Edificio das Artes, todo segue como ao principio, recibindo boas palabras pero sen concrecións. No ano 2004 asinouse un protocolo con Concello para que a construcción do devandito Edificio comezara no ano 2006, pero a data de hoxe a Universidade nin sequera posúe a parcela. No proxecto inicial contemplábase a cesión á Universidade dunha parcela de 20.000 m<sup>2</sup> para este fin, en base o que se convocou un concurso de ideas para o deseño do Edificio das Artes. A decisión posterior do Concello de reducir o espazo que cedería á Universidade (14.000 m<sup>2</sup> de construcción e 6.000 m<sup>2</sup> de zona verde) fixo inviable a aplicación do deseño do proxecto gañador, que tivo que ser modificado co acordo e colaboración do gañador do concurso, Joan Creus. A situación actual é que a pesar das reunións mantidas con responsables do Concello de Pontevedra e da Xunta de Galicia, a Universidade non dispón de parcela e o proxecto do Edificio das Artes está paralizado, sendo a posición da Universidade a de loitar para que saia adiante. Tamén se refire o Vicerreitor á dificultade coa que se atopa a Universidade para o seu crecemento en Pontevedra xa que, no plan xeral de ordenación urbana da cidade, se lle asignaban novos terreos distantes do Campus e atravesados por vías de alta densidade de tráfico. A Universidade presentou alegacións a esta proposta e solicitou que se lle cedesen parcelas próximas a Tafisa, do que aínda non se tivo resposta. Neste punto o Reitor tamén comenta as diversas reunións e conversas mantidas sobre os temas anteriores coas diferentes institucións, sen resultados polo de agora. Se a situación non cambia, a Universidade terá que plantexarse outras opcións, como manter o edificio que ocupa actualmente a Facultade de Belas Artes e levar a cabo nel as reformas oportunas ata que existan outras alternativas viables.

Dna. Antonia Blanco refírese ao problema existente coa parcela da E.U.E.T. Forestal, localizada nun espazo afectado pola Lei de Costas, que non é de titularidade da Universidade, aínda que xa se mantiveron diversos contactos ao respecto e o Concello de Pontevedra xa renunciou á titularidade da mesma.

D. Carlos Mollinedo amosa a súa preocupación pola situación descrita e a falta de colaboración das distintas institucións e suxire que o Consello de Campus se manifeste sobre este particular. A este respecto, o Reitor propón un texto no que se da conta da situación actual do Campus, para o seu envío ás autoridades competentes e para a sensibilización da cidadanía, que é aceptado polos presentes.

Neste mesmo punto, intervén Dna. Antonia Blanco para continuar coa presentación da situación das infraestruturas no Campus. Actualmente estase a traballar nun programa de eficiencia enerxética que se vai a aplicar en distintos centros do Campus. Na futura Gardería aplicarase aos materiais que se utilicen como illantes e tamén aos sistemas de calefacción e auga quente. Na Facultade de Ciencias da Educación procederase a instalación de placas solares que se utilizarán novamente para os sistemas de calefacción e auga quente; ademais, nesta Facultade estanse buscando solucións ao problema de falta de ventilación das aulas. Xa se encargaron estudos externos e tamén se elaborou un proxecto propio que consistirá en instalar un elemento externo que servirá para a extracción do aire quente da galería orientada ao sur e tamén do aire viciado das aulas. Comezarase en breve co último proxecto, unha vez que xa foi recibida por parte da Universidade a primeira fase do edificio. No Pavillón Universitario levarase a cabo tamén unha instalación solar térmica que cubrirá o 60% do gasto enerxético.

No que se refire as obras RAM, Dna. Antonia Blanco fai un listado das principais actuacións: reparación de cubertas (nas Facultades de Belas Artes e Ciencias Sociais e da Comunicación), reformas nos edificios que presentaban problemas de accesibilidade (agás en Fisioterapia onde queda por solucionar o acceso con camillas), pintado de fachadas, adaptación de diversos centros ás normativas sobre riscos laborais, reparación de carpintaría exterior (fachada da Facultade de Belas Artes) e diferentes obras no Pavillón Universitario (cuberta, ximnasio, solo, almacén, adecuación de novos espazos, etc.). En canto ao plan CEM inclúe as seguintes obras: redistribución de espazos no salón de actos da Facultade de Belas Artes, aproveitamento da zona da segunda planta da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, por riba da cafetería, para a creación de novos espazos e a división de laboratorios solicitada polos responsables da Escola de Fisioterapia.

A continuación, os presentes fan distintas consideracións e consultas sobre o tema das infraestruturas no Campus:

- D. Xulio Pardellas fala do problema de seguridade nunha pasarela da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, dos problemas coas pechaduras de diversas portas e da falta de barreira dende hai 3 anos no aparcadoiro da devandita Facultade. Dna. Antonia Blanco coméntalle que na Vicerreitoría non había constancia dos dous primeiros puntos pero que se traballará na súa resolución e que do terceiro estase a elaborar un proxecto conxunto de estudio dos aparcadoiros dos centros do Campus, que se presentará nunha próxima reunión



do Consello de Campus. Tamén D. Xulio Pardellas fai referencia a posibilidade de aproveitamento de espazo na planta baixa da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, se ben Dna. Antonia Blanco respondelle que non se ten traballado nada nese tema xa que non tiñan recibido ningunha petición a este respecto.

- D. José María Cancela refírese ao feito de que non rematou a labor de acondicionamento da zona exterior da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Respóndenlle D. Jesús Hernández e Dna. Antonia Blanco, explicando que existen moitas incertezas con respecto ao perímetro que lle corresponde ao Campus e que ademais deberá esperarse a que rematen as obras da Gardería do Campus, pola proximidade a esa Facultade.

#### 4. Situación da xestión no Campus de Pontevedra.

Intervén neste punto Dna. Ángeles Hermida, comentando en primeiro lugar que dende esta Vicexerencia trabállase na xestión ordinaria dos centros cos Decanos e Directores dos mesmos. Dentro do Plan Operativo de Xestión, estase a continuar co proceso de descentralización dos servizos que tradicionalmente se prestaban en Vigo para achegalos á comunidade universitaria dos demais Campus e evitar desprazamentos. No que atinxo á área académica, dende o ano pasado estase a impulsar a automatrícula en primeiro e segundo ciclos e tamén os pagos a través de internet, con novas ferramentas que se están implantando; ademais trátase de apoiar a automatrícula para os programas de posgrao. Estanse a adoptar diversas medidas de apoio á xestión coa dotación de persoal informático, adaptación da aplicación Xesta, etc.

Con respecto a área de Extensión Universitaria, creouse a figura de xestor de servizos para o desenvolvemento de diferentes funcións: promoción da participación da comunidade universitaria en temas extraacadémicos, información sobre bolsas (para a súa solicitude as veces deben aportarse datos persoais) ou a colaboración coa Vicexerencia na descentralización de procesos. As bolsas de colaboración para formación complementaria xa se convocan dende Pontevedra e estase a estudar que outras bolsas poderían descentralizarse a este Campus.

O pasado 1 de abril publicouse a resolución pola que se delegan competencias ao Campus de Pontevedra na execución do gasto, isto permitirá a partir de agora fazer contratos menores e algúns procedementos negociados. Tamén poderán asinarse neste Campus os contratos do persoal de administración de servizos e do persoal docente e investigador, incluíndo os contratos que se realizan con cargo aos proxectos de investigación.

#### 5. Informe das actividades culturais e deportivas.

O Vicerreitor da conta neste punto da súa satisfacción polo programa cultural e de Extensión Universitaria que se está desenvolvendo en Pontevedra e tamén pola resposta recibida. A difusión da información inclúe o envío das dúas programacións anuais (de outono e primavera) a todos os profesores, ao persoal de administración e servizos e ás delegacións de alumnos do Campus. Esta oferta comprende actividades alternativas, que non se organizan dende outros sitios, cunha presenza satisfactoria de público. Esta Vicerreitoría encárgase da xestión da Sala X, localizada na Facultade de Belas Artes, que conta cunha programación anual de exposicións. Para a selección das exposicións, realiza unha convocatoria de proxectos, que é resolta por un Comité que inclúe xente externa á Universidade. No curso presente inaugurouse na Casa das Campás a Aula Tecnolóxica de Formación Permanente, que comezou a desenvolver diversos cursos cunha gran demanda. Sobre as actividades de Extensión Universitaria, refírese o Vicerreitor a aquellas actividades de difusión cultural que dependen dos centros, para as que existen partidas específicas para cada Facultade/Escuela en función do número de alumnos, destacando as peticións recibidas para as celebracións dos patróns dos centros. Realízanse tamén as convocatorias de cursos e obradoiros de Extensión Universitaria, abertos a toda a comunidade, e a difusión dos mesmos realizanse a través de diversas canles (carteis, folletos, internet, ...).

No que atinxo ás actividades deportivas, estase realizando un importante esforzo para a súa promoción no Campus de Pontevedra. Neste senso, apostouse pola única instalación deportiva coa que conta a Universidade, o Pavillón Universitario, ao que se trasladou a oficina do técnico especialista en actividades deportivas de xeito que o espazo que quedou libre na E.U.E.T. Forestal pasou a ser ocupado polo Gabinete de Psicopedagoxía e a Unidade Médica. Realizouse unha inversión na sala de cardio-fitness para equipala axeitadamente para o desenvolvemento de exercicio físico controlado dos membros da comunidade universitaria. Comezou a funcionar en xaneiro deste ano con máis de 500 inscritos, e no mes de marzo acadou o número de 1180 inscritos, contratáronse monitores para o seu funcionamento. Ademais, púxose en marcha no Campus de Pontevedra o programa de Deporte e Saúde e proséguense coas ligas universitarias e as escolas deportivas que se veñen convocando cada ano. Como actividades propias, puxérонse en marcha cursos de danza oriental, tenis, bádminton, esgrima, pádel, mountain bike e vela lixeira, con diferente aceptación, aínda que é previsible que aumente a demanda co tempo a



medida que a xente vaia coñecendo a oferta. Sobre o Pavillón, referiuense o Vicerreitor tamén a necesidade de dar prioridade no seu uso á comunidade universitaria, para o que se está a traballar na adecuación dos horarios de utilización do mesmo por xente de fóra, dependente de convenios con outras institucións que se está tratando de modificar.

D. Carlos Mollinedo pide que non se decaia nese esforzo e que ademais se busquen espazos alternativos para a realización de obradoiros e outro tipo de actividades para os alumnos. O Vicerreitor coméntalle que tamén é unha preocupación propia, xa que tratou de pór en marcha o programa "Ensaiamos" pero non foi posible atopar o local co illamento necesario para esta actividade.

D. Xulio Pardellas refírese a unha actividade que se leva a cabo na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, a "Resaca das Letras", que ven organizando un profesor da Facultade desde hai anos e suxire que se propoña como unha actividade do Campus. O Vicerreitor explicalle que se está traballando nesta idea, para a que se pediu apoio económico a través do centro e que nun futuro podería haber maior colaboración se se fai a solicitude con maior antelación.

6. Aprobación, se procede, da proposta de cursos de extensión universitaria do Campus de Pontevedra.

Pontevedra.  
O Vicerreitor presenta as propostas de cursos que foron presentadas, agás as que incumpren algún aspecto da normativa e que foron excluídas. Ábrese un debate sobre os criterios a adoptar, acordándose que na vindeira convocatoria de cursos podería crearse unha subcomisión encargada de fazer un estudo máis detallado das propostas e a súa valoración, tendo en conta os obxectivos dos cursos de Extensión Universitaria. No que atinxe a convocatoria actual, acórdase aprobar todas as propostas presentadas que cumpran os requisitos establecidos, reducindo a contía do financiamento de cada unha delas en 450 euros, agás nas dúas que teñen un orzamento máis axustado, quedando como sigue:

#### a) Propostas aprobadas:

- Actividade física durante o embarazo e o parto (reducción de 450 euros no financiamento).
  - O adestramento no ciclismo en ruta: a planificación e o control, dende a base á madurez (sen redución no financiamento).
  - Normativo e cálculo financeiro-actuarial dos seguros e planos de pensións (reducción de 450 euros no financiamento).
  - Fiscalidade e Contabilidade das entidades non lucrativas (reducción de 450 euros no financiamento).
  - Novas tendencias nos centros deportivos: do fitness ao wellness (reducción de 450 euros no financiamento).
  - Medidas de autoprotección e prevención de accidentes en centros escolares (reducción de 450 euros no financiamento).
  - Vivir do conto '09 (reducción de 450 euros no financiamento).
  - Introdución aos programas de debuxo e deseño por ordenador. Pontevedra 2009 (reducción de 450 euros no financiamento).
  - Iniciación á marcha nórdica. Camiñar con bastóns, un novo concepto de movemento saudable para todos (sen redución no financiamento).
  - Máis alá da danza contemporánea (reducción de 450 euros no financiamento).
  - O corpo, fonte de sabedoría '09 (reducción de 450 euros no financiamento).
  - Do documental ao cine documental (reducción de 450 euros no financiamento).

b) Propostas denegadas (por incumprir a normativa):

- O Libro: arte e obxecto

## 7 Rogos e preguntas.

- Rogos e preguntas:

  - D. José Luis García Soidán pregunta se solaparía competencias co título de Mestre en Educación Infantil o decreto que o goberno estatal ten intención de aprobar, segundo anunciou recentemente a Vicepresidenta Dna. Teresa Fernández de la Vega, e que facilitaría títulos a certos colectivos reconhecendo a súa experiencia en tarefas con nenos de 0 a 3 anos. O Reitor informa que, ata o momento, esa proposta do goberno central non pasou por ningún órgano dependente da Universidade e que pedirá máis información ao respecto.
  - Tamén D. José Luis García Soidán refírese a necesidade da creación dun Comité de Ética na Universidade de Vigo, que axilizaria o procedemento de valoración de certos proxectos de investigación. O Reitor considera que é un tema de interese para proceder ao seu estudio.
  - D. Daniel Martí amosa a súa preocupación polo desenvolvemento da festa da patroa de Ciencias Sociais e da Comunicación, que tivo lugar a semana anterior, na que houbo destrozos de mobiliario urbano e tiveron que acudir diversas ambulancias polo estado etílico dalgúns dos participantes na festa, que incluso poderían ser menores de idade. Considérase, a este respecto, que para poder facer unha valoración dos feitos deberán solicitarse informes e/ou partes de incidencia aos Decanos e Directores dos Centros do Campus, ao Comité

*M. W. Kila M. S. S.*

Organizador da festa, ao Administrador do Campus de Pontevedra e aos Servizos de Seguridade.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

Pontevedra, a 28 de abril de 2009.

A SECRETARIA



Ado. Mª del Pilar García Soidán